



Unha casa de acollida para presos? Que ben! Unha grande oportunidade para todos

Xaquín Campo Freire¹

*«Os días, cos seus gozos e as súas penas,
deixaron ao pasar marcas na alma.*

*Igualiño aos nosos pés que van deixando
as marcas nas pegadas».*

Xa temos casa! E temos persoas necesitadas desa casa e actividade: os nosos reclusos e reclusas.

Vimos pensando nisto desde moi lonxe: Xa máis de 14 anos! E tivo que vir D. Fernando e escoitar unha voz desde fóra da Igrexa ferrolá: ASFEDRO. Grazas, bo pastor! Sabe escoitar! Temos bispo.

Certamente é unha riqueza para reclusos/as. Para nós mesmos en persoa. Para entidades varias: Canido, Ferrol, Cáritas, Pastoral Penitenciaria, Galiza, bispos etc.

Temos casa! Temos Cáritas. Temos Canido! Temos o Centro Cívico! Que máis queremos? Quen falta aquí?

Si. Faltamos nós. Pobo de Ferrol. Pois falemos agora desas pequenas flores de esperanza, nadas do amor que as vai chamando e repletas da tenrura. Que mesmo as fai abrollar neste camiño de silveiras e de espiñas. Pois fronte aos problemas estruturais que desestruturan sen piedade a tantas persoas, sempre pobres, pre-

¹ Xaquín Campo Freire é crego na Diocese de Mondoñedo-Ferrol, e membro do Consello de Redacción da revista Encrucillada.

sentamos nós, hoxe e aquí, a fortaleza da debilidade das solucións pequeniñas: O voluntariado.

«As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara a reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados». (Constitución Española, art. 25, § 2).

1.^a Consideración: Pero... resocializar! É posíbel? O que é resocializar?

Quen se ten de resocializar non será esta mesma nosa sociedade creada por todos nós en cada tempo e lugar? Esta sociedade que exclúe e expulsa de si mesma os seus fillos máis débiles e precisados de cuidados e de ambiente saudábel, e que caen vítimas de todas as trampas e atopelos da sociedade 'guapa e dos bonitos'?

É esta a sociedade á que nós os queremos devolver? A que non é capaz dun labor preventivo de escolas, saúde e sanidade con medios de atención integral, integrada e integradora dos seus fillos e fillas máis necesitados? Moitos delas e deles con problemas bio-psico-sociais de tipo estrutural. Esta sociedade é a que afunde, cada día máis, as esperanzas dos pobres a prol de grupos especuladores e corruptos, moitas veces con causas delituosas e especulativas detrás. Unha xustiza que leva 10-12 anos de retraso nos xuízos, é esa unha xustiza xusta? É así como queremos resocializar as vítimas e os vitimarios?

2.^a Consideración. Resocializar para que? Para onde e para quen?

Queremos facelo sen cambiármolle aos peixiños á auga podre da piscina ou o medio vital no que deben vivir? Daquela non hai nin recuperación, nin re-sandación, nin rehabilitación que valla, nin reeducación, nin reinserción nin resocialización.

3.^a Consideración. Para esta grande oportunidade de axuda aos nosos reclusos máis pobres necesitamos amor: Querelos

E iso só o saben facer os pobres! E Ferrol nunca falla. Así de claro: Trátase dos **nosos** presos! Dos das nosas contornas e son

moitos. E para iso necesitamos pobo! Precísase voluntariado. Fan falta vinte persoas para acompañar persoas e procesos con persoas. Para varias tarefas a cumprir. Sen caixa de resonancia axeitada non hai música!

Pero non é maldicindo tebras como se soluciona o mundo, senón acendendo pequenas luces de esperanza, repletas de tenrura. O mesmo que esas flores que a vida vai facendo abrollar nestes camiños de silveiras e de espiñas. E todo para pormos remedios pequenos a problemas estruturais. «Non temos nas nosas mans a solución dos problemas do mundo. Pero fronte aos problemas do mundo, temos as nosas mans. E cando o Señor da Historia chegue, cada día, vai ollar para as nosas mans» (M. Menapace).

E para esta tarefa de acompañamento necesitamos voluntarias e voluntarios. Si. Quen? Nós, pobo sinxelo e común como rezamos nese himno de vésperas: «Abrollaron nas silveiras do camiño pequenas flores brancas de esperanza e non afogaron as espiñas a tenrura, nacida do amor que as chamara».

4.^a Consideración. «O perfil de persoa que se necesita: Ser responsable, prudente, discreta, tolerante e sen prexuízos» (Intermón)

Entusiasmo. Equilibrio psíquico. Quererlle á misión. Sen pancartas ni autobombos. E algo de tempo dispoñíbel para darllo a uns irmáns pobres: **con nome roto!** E cando xa non se ten nome, para a persoa non hai lugar, como lle pasou a Xosé, María e un picariño que xa non podía esperar (Lc 2, 7).

5.^a Consideración. Reflexiona sobre as túas motivacións e inquietudes

Marca a dedicación que podes ofrecer (horas, días e continuidade). Pensa o tempo que podes e queres estar no proxecto.

Xa! Porén... comezar esta aventura como voluntario non e así tan doadiño e fácil como se pinta. Porque... voluntariado! Segundo quen? Para que, para quen, para conseguir que, desde quen, como? E se eu me apunto? Acollémoste!

6.^a Consideración. O que é e o que non é o voluntariado

O que non é nin debe ser un voluntariado para reclusos. Que nos di Intermón-Oxfam, que ten experiencia nestes casos?:

- 1) «Se colaboras dentro dun Centro Penitenciario, traballarás para promover a futura reinserción dos presos: organízanse talleres de teatro, manualidades, música, radio ou partidos de fútbol, clases e iniciativas ante diversas necesidades, etc.»
- 2) Se traballas con persoas que xa saíron do cárcere, o obxectivo fundamental é: Axudar a volver a integralos na sociedade e que sexan aceptados.

7.^a Consideración: O acompañante tamén necesita ser acompañado!

Con apoio persoal, grupal e comunitario. Necesita intercambiar experiencias e iniciativas. Abrirse a outras realidades e lugares: A Coruña, Ourense, Galicia, España, Madrid.

Concretando: Sobre todo, acompañamentos. Para os que veñen con permisos de Teixeiro para aliviar as penas, a soidade, descansar, ensaiar a reinserción, descubrir o mundo distinto que xa non é o que deixaron cando entraron no cárcere. Se non queremos fallar, temos de ser un grupo ben organizado. Con algún tempo dispoñíbel e ter ganas de colaborar.

«O perfil de persoa que se necesita: ser responsábel, prudente, discreto, tolerante e sen prexuizos» (Intermón).

AFAPREMA, Cáritas, Obra Social «La Caixa» e a mesma Cruz Vermella son algunhas das organizacións que inclúen programas concretos neste ámbito.

Voluntariado: Persoal ou grupal? Un modelo único? Non. Coma o azucre nos cafés: «Especial para esta casa!» E para esta causa. Non valen calcos nin «fotocopias» sen máis. Precisan de creatividade e inspiración. Cómpren: xenerosidade, ideas claras, fidelidade no encargo e ás persoas distintas. Cada preso/a é distinto e persoal. Sen claudicar da misión que se ten. É necesario: formación persoal

e personalizada do voluntario e para ese voluntariado. Cómpre coñecer o cometido e o compromiso, variedade e pluralidade.

Necesita: Retroalimentarse con feedback positivo. Nos acertos e nos erros, con axuda e alento. Método de traballo, xestión e moita boa vontade. E formación específica.

E ter referentes con quen dialogar axeitadamente. Pedir axuda e mesmo relevos ou substitucións temporais ou definitivas. Superar dúbidas e complexos paralizantes e negativos: Son eu a persoa adecuada para isto e para todo e todos? Labor de equipa e xenerosidade. Servicialidade e servizo, pero nunca servilismo a ninguén. Para non queimarse. Ser unha persoa medianamente segura en si mesma: 'na propia persoa'. Non proselitismos. Pero si coñecedores da utopía que hai detrás e que marcha sempre diante como idea a alcanzar nos momentos e nos espazos, no hoxe e aquí, con realismo e entusiasmo de avances construtores da propia vida. E liberdade interior: «A liberdade dos fillos de Deus».

8.^a Consideración. Movémonos no humanismo cristián e o humanismo da psicoloxía humanista e positiva

Actitudes e aptitudes:

- a) autenticidade no acompañante.
- b) empatía para pórse no lugar do «outro», sen desprazalo nin restarlle o papel propio para ser el/ela mesma, alcanzando de novo a maioría de idade positiva nun modelo entusiasmador.
- c) consideración positiva e aceptación incondicional. Non revanchismo ideolóxico. Non re-criminalizar. Xa está criminalizado e xulgado. Sen etiquetas! Comezar unha nova oportunidade, non como ameaza, senón como reto a conquistar entre todos e para todos. Non curiosidades malsás. Experimentar gozo e alegría, ilusión e esperanza, no aceptar, no axudar, no acompañar e no ser axudado.

Incluso nos fracasos: Retomar de novo a existencia con entusiasmo alentador e a tarefa de erguerse de novo, axudante e axudado. «Ata

setenta veces sete». Sen baremos ríxidos, pero si firmes. Firmes e claros na formulación. Flexíbeis. Con obxectivos abertos e polivalentes a ir elixindo e readaptando en cada tempo e lugar, amplos e ambiciosos na idea, respectuosos e comprensivos. Alentadores nos pasos a dar no andar de cada quen. Non culpabilizarse nin culpabilizar. Nin amargarse. Aprender a facer catarse sandante e saudábel. Liberarse da negatividade e do derrotismo negativo e negativista.

Un espello roto en mil cachiños non é para tirar, nin dá mala sorte! Dá mil caras diferentes; parciais, pero reais. E, recomposto, ten outras mil utilidades ben xeitosas: Cada cachiño é unha esgazadura ou rachón de min mesmo. Incluso é un berro de axuda e esperanza! Por favor: Hai alguén aquí!? Non esquezamos nunca que detrás hai persoas. Imperfectas. Pero persoas! Por veces mesmo enfermas ou alporizadas, sen gonzos, moi rotas, coas que só valen compaixón, misericordia, axudas moi especializadas e sabendo que non hai a solución bonita que nós queremos. Só unha mamá entende este xeito de pensar e actuar: Ve horrorizada o mal pero ten ollos de corazón: é o seu fillo! Por favor!, fagamos algo, berra desesperada. Só ela ve e entende o esencial, porque ve desde o amor infinito, reflexo do de Deus infinito no amor.

Escoitamos, comprendemos, aceptamos positivamente, amamos, dialogamos, e ben que desexamos acompañar procesos reconstrutores de realidades dadas por perdidas alentando e mostrando diversas vías de saída a quen se ve atrapado. Axudar a crear autónomos, si! Autómatas: nunca! Porque quen ten que aprender a dirixir a propia vida é cadaquén: o suxeito.

Crecemento persoal. Medios: Lectura. Estudo. Biblioteca ambulante e sen perda de libros. Control. Diálogo. Grupo de intercambios de ideas, experiencias, suxestións etc. Cursiños. Axuda persoal. Liberación de tensións e cargas psicolóxicas. Crecemento espiritual: Valores, beleza, verdade, bondade. Contactos persoais.

Crear medios de axuda. Agradecemento. Comprensión. Alento. Rectificación. Corrección fraterna con suxestións positivas. Retiro espiritual. Convivencias locais e interdiocesanas ou intercambios variados con acompañante e acompañados.

Proxectos comúns con solucións positivas. Con todas as luces postas e funcionando: longas, curtas, de posicións, de lateralidades, retro, sen luces, intermitentes, de alarma etc. Somos máis ca condutores de coches!

«Pero os presos menten!», retrucou alguén. Certo! E convén telo en conta. Pero nós tamén mentimos. Todos! Ocultan e ocultamos cousas e causas. Edulcoramos e desfiguramos as circunstancias ou a mesma realidade, por exemplo: cando temos un contratempo de tránsito viario ou doutra índole. Nos xuízos ensinannos a mentir, oficialmente e baixo xuramento: «*La verdad. Toda la verdad y nada más que la verdad*». Xa! Cando se trata dos outros! Pero cando me toca!: Queremos comprensión. Por veces defendemos o indefendíbel. Fráxiles somos todos. E coma todos: «somos humanos», dicimos.

Convén ser creativos na intercomunicación: Ter unha publicación. Un boletín sinxelo, a xeito de diario de bitácora: unha bitácora é, na actualidade, un caderno ou publicación que permite levar un rexistro escrito de diversas accións e iniciativas ou dúbidas e decisións. Medios informáticos. Quererlle á misión, sen pancartas nin autobombos. A entidade organizadora: Cartaces. Radios. Prensa. Esquema e concrecións. Precisar conceptos. Entusiasmo!

Grazas. Os que vaiades sentindo esa chamada, falade con Pastoral Penitenciaria, ou con Cáritas Diocesana. Tamén vale co Bispo diocesano D. Fernando.

«Abrollaron nas silveiras do camiño pequenas flores brancas de esperanza e non afogaron as espiñas esa gran tenrura, nacida do amor que as chamara».

Xaquín Campo Freire